

# A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE DESENVOLVE UNHA NOVA CAMPAÑA DE DOAZÓN NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

A Academia Galega de Seguridade Pública (AGASAP) acollerá o xoves 26 de febreiro unha nova visita das unidades móbiles da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS). A unidade móbil estará estacionada diante do edificio principal das 10:00 ás 14:00 horas para atender a todas as persoas que desexen doar.

A AGASAP acolleu en quince ocasións, desde o ano 2002, as visitas das unidades móbiles obtendo, no transcurso destas campañas, un total de 364 doazóns de sangue.

ADOS quere mostrar o seu recoñecemento á dirección de AGASAP pola súa colaboración e apoio na labor de recollida de doazóns de sangue, agradecemento que fai extensivo a todas as persoas que participan nesta iniciativa solidaria.